- *Volo*, *nolo* e *malo* carecen de supino, de voz pasiva, de participios de futuro e xerundio.
- *Volo* e *malo* non teñen imperativo
- Como en todos os verbos irregulares, os seus temas de perfecto (*volui*, *nolui*, *malui*) son regulares

VERBO nolo, nonvis, nolle, nolui non querer (3ª conx., irregular)							
		Indicativo	Subxuntivo	Imperativo	Infinitivo	Xerundio	Participio
VOZ ACTIVA	Presente	<i>non quero</i> nolo nonvis nonvult nolumus nonvultis nolunt	<i>non queira</i> nolim nolis nolit nolimus nolitis nolint	<i>non</i> <i>queiras</i> noli nolite	<i>non querer</i> nolle		
	Imperfecto	<i>non quería</i> nolebam nolebas volebat nolebamus nolebatis nolebant	<i>levase</i> nollem nolles nollet nollemus nolletis nollent				
	Fut. impf	<i>quererei</i> volam voles ...		<i>non</i> <i>queiras</i> nolito nolito nolitote nolunto			
	Perfecto	<i>non quixen</i> nolui noluisti ...	<i>non queira</i> noluerim nolueris ...		<i>non querer</i> noluisse		
	Pluscpf	<i>non quixera</i> nolueram nolueras ...	<i>non quixese</i> noluissem noluisSES ...				
	Fut. perf.	<i>non quererei</i> noluerō nolueris ...					

VERBO malo, mavis, malle, malui <i>preferir</i> (3ª conx., irregular)							
		Indicativo	Subxuntivo	Imperativo	Infinitivo	Xerundio	Participio
VOZ ACTIVA	Presente	<i>prefiro</i> malo mavis mavult malumus mavultis malunt	<i>pefira</i> malim malis malit malimus malitis malint		<i>preferir</i> malle		
	Imperfecto	<i>prefería</i> malebam malebas malebat malebamus malebatis malebant	<i>perferise</i> mallem malles mallet mallemus malletis mallent				
	Fut. impf	<i>preferirei</i> malam males					
	Perfecto	<i>preferín</i> malui maluisti ...	<i>prefira</i> maluerim malueris ...		<i>preferir</i> maluisse		
	Pluscpf	<i>preferira</i> malueram malueras ...	<i>perferise</i> maluissem maluisses ...				
	Fut. perf.	<i>prefirirei</i> maluero malueris ...					

VERBO fero, fers, ferre, tuli, latum levar (3ª conx., irregular)							
		Indicativo	Subxuntivo	Imperativo	Infinitivo	Xerundio	Participio
VOZ ACTIVA	Presente	levo fero fers fert ferimus fertis ferunt	leve feram feras ferat feramus feratis ferant	leva fer ferte	levar ferre	levando Ac. ferendum X. ferendi D. ferendo Ab. ferendo	que leva ferens, -entis
	Imperfecto	levaba ferebam ferebas ferebat ferebamus ferebatis ferebant	levase ferrem ferres ferret ferremus ferretis ferrent				
	Futuro impf.	levarei feram feres feret feremus feretis ferent		leva ferto fertote ferunto	haber de levar laturum, -am, -um esse ou fuisse		que vai levar laturus, -a, -um
	Perfecto	levei tuli tulisti tulit tulimus tulistis tulerunt/-ere	leve tulerim tuleris tulerit tulerimus tuleritis tulerint		levar tulisce		
	Pluscuampf.	levava tuleram tuleras tulerat tuleramus tuleratis tulerant	levase tulissem tulisces tulisset tulissemus tulissetis tulissent				
	Futuro perf.	levarei tulero tuleris tulerit tulerimus tuleritis tulerint					
VOZ PASIVA	Presente	son levada feror ferris/-re fertur ferimur ferimini feruntur	sexa levada ferar feraris/-re feratur feramur feramini ferantur	sé levada ferre ferimini	ser levada/o ferri		
	Imperfecto	era levada ferebar ferebaris/-re ferebatur ferebamur ferebamini ferebantur	fose levada ferrer ferreris/-re ferretur ferremur ferremini ferrentur				
	Futuro impf.	serei levada ferar fereris/-re feretur feremur feremini ferentur		sé levada fertor fertor feruntor	haber de ser levada ferendum, -am, um esse ou fuisse		que vai ser levada ferendus, -a, um
	Perf.	fun levada latus, -a, -um sum	sexa levada latus, -a, -um sim		ter sido levada latus, -am, -um esse ou fuisse		levado/a latus, -a, -um
	Plusc.	fora levada latus, -a, -um eram	fose levada latus, -a, -um essem				SUPINO
Fut. P	serei levada latus, -a, -um ero					Ac. latum D./Ab. latu	

VERBO fio, fis fieri, factus sum <i>facere, converterse</i> (3ª conx., irregular)							
		Indicativo	Subxuntivo	Imperativo	Infinitivo	Xerundio	Participio
VOZ ACTIVA	Presente	<i>fágome</i> fio fis fit fimus fitis fiunt	<i>fágame</i> fiam fias fiat fiamus fiatis fiant	<i>faite</i> fi fite	<i>facerse</i> fieri		
	Imperfecto	<i>faciame</i> fiebam fiebas fiebat fiebamus fiebatis fiebant	<i>fixéseme</i> fierem fieres fieret fieremus fieretis fierent				
	Fut. impf	<i>fareime</i> fiam fies		<i>faite</i> fitote			
	Perfect	<i>fixenme</i> factus, -a, -um sum	<i>fágame</i> factus, -a, -um sim				
	Pluscpf	<i>fixerame</i> factus, -a, -um eram	<i>fixéseme</i> factus, -a, -um essem				
	Fut. perf.	<i>fareime</i> factus, -a, -um ero					

**fio* úsase como voz pasiva de *facio* (facere). Ten voz única e carece do tema de perfecto, os tempos de perfecto fórmanse co participio de *facio* (*factus, -a, um*) e o verbo *sum*.

VERBO eo, is ire, ivi/ii, -itum <i>ir</i> (3ª conx., irregular)							
		Indicativo	Subxuntivo	Imperativo	Infinitivo	Xerundio	Participio
VOZ ACTIVA	Presente	<i>vou</i> eo is it imus itis eunt	<i>vaia</i> eam eas eat eamus eatis eant	<i>vai</i> i ite	<i>ir</i> ire	<i>indo</i> Ac. eundum X. eundi D. eundo Ab. eundo	<i>que vai</i> iens, euntis
	Imperfecto	<i>ia</i> ibam ibas ibat ibamus ibatis ibant	<i>fose</i> irem ires iret iremus iretis iretis				
	Fut. impf	<i>ierei</i> ibo ibis ibit ibimus ibitis ibunt		<i>vai</i> ito itote eunto			Pasivo <i>que vai ir</i> eundus,-a, -um
	Perfect	<i>fun</i> ivi/ii ivisti/iisti...	<i>vaia</i> iverim/ierim				
	Pluscpf	<i>fora</i> iveram/ieram	<i>fose</i> ivissem/iissem				
	Fut. perf.	<i>irei</i> ivero/iero					SUPINO Ac: itum D-Ab: itu

* *eo* non ten voz pasiva, pero en todos os tempos pode ter unha 3ª pers. sg impersoal, sen suxeito: *itur* (vaise)

VERBO <i>edo, es/edis, esse/edere, edi, esum</i> <i>comer</i> (3ª conx., irregular)						
		Indicativo	Subxuntivo	Imperativo	Infinitivo	Participio
VOZ ACTIVA	Presente	<i>como</i> <i>edo</i> <i>es/edis</i> <i>est/edit</i> <i>edimus</i> <i>estis/editis</i> <i>edunt</i>	<i>coma</i> <i>edim/edam</i> <i>edis/edas</i> <i>edit/edat</i> <i>edimus/edamus</i> <i>editis/edatis</i> <i>edint/edant</i>	<i>come</i> <i>es</i> <i>este</i>	<i>comer</i> <i>esse/edere</i>	
	Imperfecto	<i>comía</i> <i>edebam</i> <i>edebas</i> <i>edebat</i> <i>edebamus</i> <i>edebatis</i> <i>edebant</i>	<i>comese</i> <i>essem/ederem</i> <i>esses/ederes</i> <i>esset/ederet</i> <i>essemus/ederemus</i> <i>essetis/ederetis</i> <i>essent/ederent</i>			
	Fut. impf.	<i>comerei</i> <i>edam</i> <i>edes</i> <i>edet</i> <i>edemus</i> <i>edetis</i> <i>edent</i>		<i>come</i> <i>esto/edito</i> <i>esto/edito</i> <i>estote/editote</i> <i>edunto</i>		
	Perfecto	<i>comín</i> <i>edi</i> <i>edisti...</i>	<i>coma</i> <i>ederim/</i>			
	Plusqpf.	<i>comera</i> <i>iveram/ieram</i>	<i>comese</i> <i>edissem</i>			
	Fut. perf.	<i>comerei</i> <i>edero</i>				

* O verbo *edo* é regular, pero nalgúns tempo presenta formas alternativas que, a causa de cambios fonéticos, poderían confundirse coas de *SUM* (as formas de *edo* son con *ē*: *ēs, ēst, ēssent...*).

VERBOS DEFECTIVOS

Son aqueles aos que lle faltan algún tema ou formas. Ademais de algúns dos irregulares anteriores, os máis frecuentes son:

aiō (*dicir*). Só ten algunhas formas en pres. ind: *aiō, ais, ait, aiunt*, pres. subx.: *aias, aiat, aiant*; impf. de ind: *aiebam, aiebas...* en perf de ind. *ait*

inquam (*dicir*). Só se usa en forma de inciso, entre comas nun estilo directo. Pres. ind: *inquam, inquis, inquit, inquam, inquit, inquit*. Impf. ind: *inquiebat*; fut. impf. *inquies, inquiet*, perf. ind. *inquam/inquii, inquiste, inquit*.

- Verbos que só teñen perfecto, normalmente con valor de presente.

coepti, coeptum (*empezar*)

memini (*recordar*) tampouco ten supino. Futuro de imperativo: *memento, mementote*.

odi (*odiar*): Tampouco ten supino

VERBOS DEPONENTES

Son aqueles que só teñen formas pasivas, pero sempre significado activo, como por exemplo

loquor, -eris, loqui, locutus sum: falar

mori, -eris, mori, mortuus sum: morrer

sequor, -eris, sequi, secutus sum: seguir...

(Dado que só teñen formas pasivas, non teñen tema de perfecto)

VOZ PASIVA

O complemento axente pode estar omitido. Cando está presente, exprésase:

- Cando é persoa: Ab/a + ablativo Ex: Milites **ab hostibus** victi sunt: *Os soldados foron vencidos polos inimigos*

- Cando é cousa: ablativo: Milites **audaciā** hostium victi sunt: *os soldados foron vencidos polo valor dos inimigos.*

CONJUGACIÓN PERIFRÁSTICA

Voz activa: Fórmase: participio de futuro activo + tempo correspondente de sum:

Ex. presente de indicativo: amaturus, -a, -um sum; amaturus, -a, -um es...

Valores da voz activa:

- Necesidade ou obriga: ter que, haber de...

Ex: Immortalis est, vivit **victuraque est**: *(Ela) é inmortal, vive e ha de vivir.*

- Futuro próximo: ir a...

Ex: Bellum **scripturus sum**: *Vou escribir a guerra...*

Voz pasiva: Fórmase: participio de futuro pasivo + tempo correspondente de sum.

Ex. presente de ind.: amandus, -a, -um sum; amandus, -a, -um es....

Leva complemento axente que vai en dativo. Á hora de traducir pódese cambiar a oración á voz activa.

Valores da voz pasiva:

- Obriga: deber + infinitivo

Ex: Nobis **colenda est** virtus: (lit.) *A virtude debe ser cultivada por nós / Nós debemos cultivar a virtude.*

Delenda est Carthago: *Cartago debe ser destruída*

- Posibilidade en oracións interrog. condicionais e negativas: poder + infinitivo.

Ex: Quid nobis **faciendum est**?: (lit.) *Que pode ser feito por nós ?/ Que podemos facer nós ?*

FORMAS NOMINAIS DO VERBO

Son formas non persoais (non teñen persoa) do verbo, que se denominan “nominais” porque desempeñan funcións do *nomen* (substantivo e adxectivo). Como formas verbais que son, poden levar os complementos dun verbo: C.D., CI, CCircuns., réxime ou suplemento, C. Axente e suxeito.

INFINITIVO

O infinitivo é un substantivo verbal, polo que funciona ao mesmo tempo como:

- a) **Nome:** na frase fai as funcións de complemento directo de verbos transitivos, suxeito de verbos e expresións impersoais, e atributo (funcións de or. substantiva ou completiva).
- b) **Verbo:** pode levar os complementos dun verbo: c. directo, c. indirecto, c.c., réxime especial, c. axente, atributo e suxeito.. O infinitivo cos complementos que dependen del constitúe a oración de infinitivo.

Cando o infinitivo leva suxeito diferente do verbo principal (or. non concertadas), sole ir en acusativo. Se o infinitivo é *esse* ou *fuisse* (infinitivos de SUM) o atributo tamén vai en acusativo. A hora de traducilo é necesario introducir a nosa conx. **que** e traducir o infinitivo por un verbo persoal.

Principais funcións e oracións do infinitivo

1. Complemento directo de verbos transitivos: con frecuencia aparece como C.D. de verbos que signifiquen *poder* (possum), *dicir* (dico, quæso), *querer* (cupio, volo, nolo, malo), *mandar* (iubeo), *saber* (scio), *soler* (soleo)...

Ex.: dux milites transire fluvium iubebat: O xeneral ordenaba que os soldados cruzasen o río

ac. sux. inf. ac. CD
 Or. subs/compl. CD

2. Suxeito de verbos e expresións impersoais:

- suxeito de verbos impersoais como licet (*é lícito*); decet, oportet (*convén*); prodest (*é útil*); placet (*parece ben*)...

Ex: milites transire fluvium oportebat: Conviña que os soldados cruzasen o río

ac. sux. inf. ac. CD
 Or. subs/compl. SUX

- suxeito de expresións impersoais formadas por est + atributo (subs., adxectivo ou adverbio): opus est (*é necesario*), mos est (*é costume*), turpe est (*é vergoñento*), utile est (*é útil*), *necesse est* (*é necesario*)...

Ex: milites transire fluvium necesse erat: Era necesario que os soldados cruzasen o río.

ac. sux. inf. ac. CD
 Or. subs/compl. SUX

3. Construcción persoal de infinitivo: oración de infinitivo que depende dun verbo principal en voz pasiva (videtur, dicitur...) que leva un suxeito en nominativo que realmente é o do infinitivo.

Ex: Homerus caecus fuisse dicitur = Dicitur Homerum caecum fuisse: Dise que Homero era cego

Or. subs/compl. Sux.

Ex: tu esse tristis videris= videtur te esse tristem: Parece que ti estás triste

Or. subs/compl. Sux.

XERUNDIO

O xerundio é un sustantivo verbal que equivale a un infinitivo declinado e engade os casos que lle faltan ao infinitivo (que sería o caso nominativo) para facer as funcións de C. Nome, C.I., C. Circuns.

Se o verbo é transitivo, pode levar complemento directo, que vai en acusativo, aínda que nestes casos é frecuente usar o xerundivo:

Ex: Ego cupida videndi urbem sum: *Eu estou desexosa de ver a cidade*
xerund. CN CD

Casos e funcións:

- En acusativo con preposición: C. Circuns. de finalidade:

Ex: paratus ad dicendum: *Preparado para falar*

- En xenitivo: Complemento do nome.

Ex. Ars amandi: *A arte de amar*

- En xenitivo seguido das preposicións *causa* e *gratia*: Complemento de finalidade

Ex: Sabinus ad Caesarem **auxilium ferendi causa** proficiscitur *Sabino vai onde César para levarlle axuda*

CD. Xer. Xer. xenit. Prep.

- En dativo: réxime ou suplemento de adxectivos

Ex: locus **urbem condendo**: *lugar para fundar a cidade*

CD. Xer. Xer. dat.

*As veces co dativo debe usarse o xerundivo (*vid. infra*):

Ex: impar **ferendo oneri**: *incapaz soportar a carga*

Xer. dat dat. $\approx$ CD

- En ablativo: C. circunstancial

Ex: Mens hominis **discendo** alitur: *a mente do home aliméntase aprendendo*

Xer. abl

Con preposición a miúdo úsase o xerundivo (*vid. infra*):

Ex: **in scribendis epistulis** iuvabit: *axudará a escribir cartas*

Xer. abl. abl $\approx$ CD

XERUNDIVO

O xerundivo é un adxectivo verbal que vai concertando cun sustantivo en xénero, número e caso, que é o seu complemento directo. Ten as mesmas formas do xerundio, pero cos tres xénero e singular e plural (coincide tamén co participio de futuro pasivo, pero carece de nominativo).

Casos e funcións do xerundivo

- Acusativo: coas preposicións *ad*, *ob* e *in* ten valor final

Ex: **Ad delendam patriam coniuiravit**: *Conxurou para destruír a patria.*

Xerdivo

CD

- Xenitivo: Complemento de nomes e adxectivos que rixen xenitivo:

Ex: Cupidus **videndae urbis** erat: *Estaba desexoso de ver a cidade.*

Xerdivo CD

- Xenitivo seguido das preposicións *causa* e *gratia* con valor final:

Ex: Vestis **frigoris depellendi causa** reperta est: *A vestimenta foi inventada para quitar o frío.*

CD Xerdivo

- Dativo: dependendo de sustantivos e adxectivos que rixen dativo con valor final

Ex: Haec medicina apta est **mitigandis doloribus**: *Esta medicina é apropiada para mitigar as dores.*

Xerdivo

CD

Ablativo: C. Circunstancial, con ou sen preposición

Ex: **In oppugnanda Massilia** grave vulnus accepit: *Recibiu unha ferida grave no ataque a Marsella*

Xerdivo

CD

Ex: Eloquentia augetur **legendis oratoribus et poetis**: *A elocuencia acrecéntase lendo os oradores e poetas*

Xerdivo

CD

PARTICIPIO

O participio é un adxectivo verbal, polo que funciona ao mesmo tempo como:

- a) **Adxectivo:** concerta na frase, ó igual que os adxectivos, cun substantivo en xénero, número e caso. O participio fai a función de modificador do substantivo co que concerta.
- b) **Verbo:** pode levar os complementos dun verbo: complemento directo, indirecto, circunstancial, axente, predicativo... etc. O substantivo co cal concerta é o seu suxeito.

Tipos de construcións de participios

1. Participio concertado: concerta en xénero, número e caso cun substantivo que desempeña unha función dentro da frase. Actúa como modificador do substantivo e pode ter distintos valores e traducións:

- Como adxectivo: **arbor florens** *árbore florida* (lit: *árbore que está florecente*)
- Como substantivo: ab **urbe condita** *dende a fundación da cidade* (lit: *dende a cidade fundada*)
- Como or. de relativo: **Homo** omnia **sciens** felicissimus non est *o home que o sabe todo non é o máis feliz* (lit: *sabéndoo todo*)
- Como or. subordinada: **Pullus** escam **quarens** margaritam repperit *Un polo, cando buscaba comida, atopou unha perla* (lit: *buscando comida*)
- Como or. subordinada final, especialmente con participios de futuro activos:

Galli ad Clusium venerunt castra **oppugnaturi** *Os galos chegaron a Clusio para atacar o campamento*

n. sg.-Sux

p. concer. nom. pl. fut.

2. Participio absoluto ou ablativo absoluto: É un participio en ablativo que acompaña a un substantivo no mesmo caso que non fai unha función na or. principal, constituíndo ambos unha oración á parte con valor de or. subordinada circunstancial. Pódese traducir por construción de xerundio ou participio ou or. subordinada circunstancial, polo xeral temporal.

Ex.: **domino absente** servi felices erant: *estando o amo ausente, os escravos eran felices/*
ao estar o amo ausente.../cando o amo estaba ausente...

Ex: **Finito bello**, milites domum non redierunt: *Rematada a guerra, os soldados non volveron a casa*
Unha vez rematda a guerra...
Cando rematou a guerra

- **Construcións “Cicerone consule” ou ablativo absoluto con sum:** como **SUM** non ten participio, a construción está formada por un sustantivo (ou pronome) en ablativo que funciona como o suxeito e outro substantivo (ou adxectivo), tamén en ablativo, que funciona como atributo.

Ex: **Cicerone consule:** *sendo cónsul Cicerón/ cando Cicerón era cónsul...*

Ex. **Me puero**, avus meus mortuus est: *Sendo neno, morreu meu avó/ cando era neno*

Tradución xenérica de participios:

- **Participio activo:** xerundio (“amando”)/ or. relativo co verbo no tempo correspondente
- **Participio pasivo:** participio (“amado”)/ or. relativo co verbo no tempo correspondente

SUPINO

É un substantivo verbal, pero fosilizado e con declinación incompleta: só ten ac., dt- ab. sg. neut. (pola 4ª declinación). Só admite complementos en acusativo.

Casos e funcións do supino

- Acusativo: depende de verbos de movemento e ten valor final: para + infinitivo.

Ex: Legati venerunt auxilium **postulatum**: *Os embaixadores viñeron para pedir auxilio.*

CD. sup.

supino

- Dativo-Ablativo: xeralmente depende de adxectivos que rixen dativo: de + infinitivo.

Ex: Facilis **dictu**: *fácil de decir.*

ORACIÓNS SUBORDINADAS: USOS DE UT CUM, NE, QUOD

VALORES DE UT (OU UTI)

- **Adverbio:** valor comparativo *como*. Ex: in libero populo, ut Athenis: *nun pobo libre, como Atenas*

- **Conxunción:**

1. Co verbo en indicativo: Introduce oracións subordinadas dos seguintes tipos:

- Temporais: *cando*. Ex: **ut venit dux**, hostem vicit: *cando chegou o xeneral, venceu ó inimigo*
- Comparativas: Na or. principal leva partículas que van en correlación con ut: ut...ita, ut...sic: *como...así*. Ex: **ut optasti, ita** est: *como desexaches, así é*.
- Interrogativas ou exclamativas: *como*. Ex: Ut vales? como estás?; ut totus iacet! *como está totalmente afundido!*

2. Co verbo en subxuntivo: Introduce oracións subordinadas dos seguintes tipos:

- C. Directo de verbos transitivos: *que*. Ex: Omnes optamus **ut diu vivatis**: *todos desexamos que vivades moito tempo*
- Sucesso de verbos e expresións impersoais: *que* Ex: Interest **ut res publica salva sit**: *interesa que a República esté a salvo*
- Finais: *para que*. Ex: nuntium misit **ut nuntiaret victoriam**: *enviou un mensaxeiro para que anunciase a victoria*
- Consecutivas: Na or. principal van en correlación con ut adverbios indef. de cantidade, demostrativos...: is, hic, tantus, talis, ita, sic, tam, adeo...ut: *tanto...que, tal...que, ata tal punto...que*.
Ex: Sol aestate **adeo** ardet, **ut herbae sitiunt**: *o sol quenta tanto no verán, que as prantas secan*.
- Concesivas: Na or. principal vai en correlación con **ut** o adverbio **tamen**: *aínda...sen embargo*
Ex: **ut desint vires, tamen** est laudanda voluntas: *aínda que falten as forzas, sen embargo a virtude debe ser loada*
- Modais: *de modo que*
Ex: mons altissimus impendebat, ut perpauci prohibere possent: *elevábase un monte moi alto, de modo que moi poucos podían impedir o paso*

VALORES DE CUM

- **Preposición:** con ablativo indica compañía ou modo. Ex: cum patre venit: *veu co pai*

- **Conxunción:**

1. Co verbo en indicativo: Introduce oracións subordinadas temporais: *cando*

Ex: **cum Caesar venit in Galliam**, duo factiones erant: *cando César chegou á Galia había dous bandos*.

2. Co verbo en subxuntivo: introduce os seguintes tipos de or. subordinadas nas que o verbo pasa a traducirse en indicativo, se é necesario:

- Causais: *como, posto que* Ex: **Cum vita brevis sit**, nolite tempus perdere: *Posto que a vida é breve, non perdades o tempo*
- "cum histórico", son temporais e causais ao mesmo tempo, solen levar o verbo en imperf.ou plusquamp. de sub.: *como, cando* ou xerundio composto.
Ex: **Cum Romani urbis muros ariete oppugnassent**, hostes urbem deseruerunt: *como os romanos atacaran os muros da cidade cun ariete, os inimigos deixaron valeira a cidade/ tendo atacado os romanos os muros da cidade cun ariete...*

- Concesivas: *aínda*. Ex: **Cum omnes fremant**, dicam veritatem: *aínda que todos protesten, direi a verdade*.

VALORES DE NE

Ne é unha conxunción que sempre introduce oracións con verbos en subxuntivo dos seguintes tipos:

- Completivas de obxecto directo: con verbos de temor, tradúcese *que*.
Ex: Timeo **ne veniat pater**: *temo que veña o pai*.
- Finais: *para que non*
Ex: Dux angustias quaerebat, **ne multitudine hostium circumiretur**: *O xeneral buscaba camiños estreitos, para que non fose rodeado por un gran número de inimigos*.

VALORES DE QUOD

- **Pronome relativo**: Ex. templum, **quod** vides, altum est, *o templo que ves, é alto*
- **Pronome interrogativo** indefinido: Ex. quod templum ruit? *que templo se derrubou?*
- Conxunción: introduce oracións
 - Completivas ou subord. substantivas de suxeito ou CD, con verbo indicativo: *o que, o feito de que*. Ex.: adde huc **quod e carcere effugit**, *engade a esto o feito de que escapou do cárcere*
 - Causais: con verbo en indicativo ou subxuntivo: *porque*. Ex: tibi gratias ago, **quod me vivere coegisti** *douche as gracias porque me obrigaches a seguir vivo*

CADROS BÁSICOS DE DESINENCIAS

1ª DECLINACIÓN			2ª DECLINACIÓN				
	SG	PL		SINGULAR		PLURAL	
	(m-f)	(m-f)		Mas / Fem	Neutro	Mas/Fem	Neutro
N	-a	-ae	N	-us/-er(-ir)	-um	-i	-a
V	-a	-ae	V	-e/-er (-ir)	-um	-i	-a
Ac	-am	-as	Ac	-um		-os	-a
X	-ae	-arum	X	-i		-orum	
D	-ae	-is	D	-o		-is	
Ab	-a	-is	Ab	-o		-is	

3ª DECLINACIÓN				
	SINGULAR		PLURAL	
	Masc / Fem	Neutro	Masc / Fem	Neutro
N	-s / -	-	-es	-a,-ia
V	-s / -	-	-es	-a, -ia
Ac	-em(-im)	-	-es (-is)	-a, -ia
X	-is		-um,-ium	
D	-i		-ibus	
Ab	-e /-i		-ibus	

4ª DECLINACIÓN					5ª DECLINACIÓN		
	SINGULAR		PLURAL			SG (m-f)	PL (m-f)
	MASC. / F.	NEUTRO	MASC. / F.	NEUTRO			
N	-us	-u	-us	-ua	N	-es	-es
V	-us	-u	-us	-ua	V	-es	-es
Ac	-um	-u	-us	-ua	Ac	-em	-es
X	-us		-uum		X	-ei	-erum
D	-ui		-ibus		D	-ei	-ebus
Ab	-u		-ibus		Ab	-e	-ebus

Caso	Funcións básicas	Exemplo
Nominativo	suxeito, atributo e predicativo (do suxeito)	Iulius Romanus est
Vocativo	invocación (chamar a alguén)	Iulie!
Acusativo	C. directo, prep + ac.= c. circunstancial	Iulium video
Xenitivo	C. do nome, c. adxectivo ... ("de")	Marcus filius Iulii est
Dativo	C. Indirecto	Marcus gratias Iulio dat
Ablativo	C. Circunst., prep + ab. = c. circunstancial	Marcus cum Iulio venit

DESINENCIAS DOS VERBOS REGULARES								
		Indicativo	Subxuntivo		Imperativo	Infinitivo	Xerundio	Participio
VOZ ACTIVA	Presente	<i>Tema presente</i> -o -s -t -mus -tis -nt/-unt	<i>Tema presente</i> 1ª -em -es -et -emus -etis -ent	<i>Tema presente</i> 2ª-3ª-4ª -am -as -at -amus -atis -ant	<i>Tema presente</i> - -te	<i>Tema presente</i> -re	<i>Tema presente</i> Ac. -ndum X. -ndi D. -ndo Ab. -ndo	<i>Tema presente</i> -ns, -ntis
	Imperfecto	<i>Tema presente</i> -bam -bas -bat -bamus -batis -bant	<i>Tema presente</i>	-rem -res -ret -remus -retis -rent				
	Futuro impf	<i>Tema presente</i> 1ª-2ª -bo -bis -bit -bimus -bitis -bunt	<i>Tema presente</i> 3ª-4ª -am -es -et -emus -etis -ent		<i>Tema presente</i> -to -to -tote -nto	<i>Tema supino</i> -urum, -uram, -urum esse ou fuisse		<i>Tema supino</i> -urus, -a, -um
	Perfecto	<i>Tema</i> -i -isti -it -imus -istis -erunt/-ere	<i>Tema perfecto</i>	-erim -eris -erit -erimus -eritis -erint		<i>Tema perfecto</i> -visse		
	Pluscuampf.	<i>Tema perfecto</i> -eram -eras -erat -eramus -eratis -erant	<i>Tema perfecto</i>	-issem -isses -isset -issemus -issetis -issent				
	Futuro perf.	<i>Tema perfecto</i> -ero -eris -erit -erimus -eritis -erint						
VOZ PASIVA	Presente	<i>Tema presente</i> -or -ris/-re -tur -mur -mini -ntur	<i>Tema presente</i> 1ª -er -eris/-re -etur -emur -emini -entur	<i>Tema presente</i> 2ª-3ª-4ª -ar -aris/-re -atur -amur -amini -antur	<i>Tema presente</i> -re -mini	<i>Tema presente</i> -ri (1ª, 2ª, 4ª) -i (3ª)		
	Imperfecto	<i>Tema presente</i> -bar -baris/-re -batur -bamur -bamini -bantur	<i>Tema presente</i>	-rer -reris/-re -retur -remur -remini -entur				
	Futuro impf	<i>Tema</i> 1ª-2ª -bor -biris/-re -bitur -bimur -bimini -buntur	<i>Tema</i> 3ª-4ª -ar -eris/-ere -etur -emur -emini -entur		<i>Tema presente</i> -tor -tor -ntor	<i>Tema presente</i> -ndum, -am, um esse ou fuisse		<i>Tema presente</i> -ndus, -a, um
	Perf.	Partic. perf en -us, -a, -um sum	Partic. perf en -us, -a, -um sim			Partic. perf en -um, -am, -um esse ou fuisse		<i>Tema supino</i> -us, -a, -um
	Pluscpf	Partic. perf en -us, -a, -um eram	Partic. perf en -us, -a, -um essem					SUPINO
								<i>Tema supino</i>
	Fut. P	Partic. perf en -us, -a, -um ero						Ac. -um D./Ab. -u

APUNTAMENTOS



ROMA
OLIM
MILO
AMOR



APUNTAMENTOS



ROMA
OLIM
MILO
AMOR



EX RE SIG NA TVR
IA CO BVS LIBERIS VOCAT
IPSVQ SCRIBEN TI
SIT GLORIA SITQ LE OEN TI

Incipit epla beati calixti pape



CALIXTUS epl servus servorum dei. sanctissimo conventui cluniacensis basilice sedis aplice sue electionis hereditibus sumo sumis a iustino patriarche hierosolimitano. & didaco copostellanensi archiepo. eunctisqz oratoribus salutem & apostolicam benedictionem in xpo. Quoniam incunctis totius climatis excellentiores vobis herede dignitate & honore reperi nequeunt hunc beati iacobi codicem. paternitati vestre

missi. quatinus siquid corrigendum in eo inuenire poteritis. me totius vestra amore apostoli diligenter emendet. Verumtamen innumeris. per hoc codicem passus sum angustias. Dum vero etiam scolaris. ab infanciam apostoli diligens. quatuordecim annorum spacio. pambulans terras & prouincias barbaras. que de eo scripta inuehebam paucis etiam uilibus & ipsis scedulis diligenter scribebam. ut in uno uolumine ea comprehendere potuissem. quatinus sancti iacobi amatores apostoli simul inuenerent. que necessaria sunt festis diebus legenda. O mira fortuna. Inter predones cecidi. & rapta omnibus spoliis meis codex tantum in remansit. Ergastulis tenuis fui. & perditio toto censu meo. in tantum in codex remansit. In pe-lagis multarum aquarum crebro cecidi. primum morti. & euasit codex minime infectus. me preunte. Domus qua etiam crematur. & consumptis rebus meis. euasit codex mecum inustus. Qua propter

Bibliografía

- Gramática Latina, Santiago Segura Munguía, Universidad de Deusto, 2012
- Latín de onte a hoxe, Xesús Ferro e outros, Ed. Xerais
- Apuntamentos prof. Álvaro J. Pérez Vilariño
- Apuntamentos prof. Eva Vilariño Mato
- Apuntamentos prof. Susana Losada Soto